



Concello de Cangas

“VOLVE O PROXECTO ORQUESTRAL AO AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS ”

Esta iniciativa xurdida no Conservatorio e na Escola de Música de Cangas volve ao Auditorio Municipal de Cangas o venres 2 de xuño ás 21:00 horas, cun repertorio máis esixente.

Cangas, 01/06/2017

O proxecto, que se puxo en marcha no ano 2009 e vai xa pola súa sétima edición, volverá a actuar no Auditorio Municipal de Cangas, cun repertorio máis esixente e de maior nivel. A cita será este venres 2 de xuño, ás 21:00 horas, con entrada de balde ata completar o aforo.

Un ano máis este proxecto pon en valor o traballo e sobreesforzo do profesorado, alumnado e ex-alumnado do Conservatorio Profesional e da Escola de Música de Cangas.

Nesta edición dúas serán as novidades. Por un lado, a estrea absoluta durante a primeira parte da obra *HOPE* de Jorge Vidal, membro desta orquestra, o que supón un nivel altísimo de implicación e unha aposta segura nunha obra que “xera unha certa esperanza nun punto de partida sen esperanza”.

Por outra banda, unha segunda parte que se desmarca completamente do traballo que veñen realizando durante os últimos anos. A *Suite Prokofiev* de Sergei Prokofiev e o *II Movemento da Sinfonía en Mim* de Tchaikovsky, “unha obra que fai dous anos sería inviable pola súa complexidade e que permitiu elevar considerablemente o nivel. Ademais, o colofón final será a interpretación de dúas pezas para coro e orquestra.

Un total de 140 compoñentes, entre membros da orquestra, membros do coro e profesorado, subirán ao escenario para presentar un repertorio moi variado, que irá *in crescendo* en dificultade desde a primeira parte ata a segunda.



Concello de Cangas

Interpretaranse, na primeira parte *Olympic Fanfare and Theme* de John Williams, *Cinema Paradiso (Love Theme)* de Andrea Morricone, *Hope* de Jorge Vidal, *Deborah's Theme* de Ennio Morricone e *Un Nadal de Fantasía* de Alberto G. Avilés. Na segunda parte, o colofón final virá da man de *Suite Prokofiev* de Sergei Prokofiev, o *II Movemento da Sinfonía en Mim* de Tchaikovsky e as obras con coro e orquestra *Sunrise Sunset* de Jerry Bock e *III Movemento da Suite O Príncipe de Exipto* de S. Schwartz-h Zimmer.

A dirección do Conservatorio agradece o esforzo de todos e todas, profesorado e alumnado, e fai un agradecemento especial aos profesores de orquestra e coro polo traballo conxunto. Será a primeira vez que o Auditorio de Cangas acolla un proxecto desta envergadura e que mobiliza a tanta xente. As ganas de innovar no aspecto creativo quedarán plasmadas nun concerto que mostrará o traballo de todo o curso.

Desde o Concello, o seu Alcalde, D. Xosé M. Pazos, destaca "o traballo íntegro que se está a realizar e que mobiliza a tanta xente, quedando o esforzo plasmado neste proxecto. É unha das cousas que distingue o noso Conservatorio e a nosa Escola de Música, coa profesionalidade e rigor que obedece ao traballo de todo un curso".

Gabinete de comunicación